



Concello de Campo Lameiro

ASUNTO: ACTIVIDADE DESFILE ENTROIDO 2025

TRAMITE: BASES REGULADORAS

BASES XERAIS REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

1. CONVOCATORIA

O concello de Campo Lameiro convoca os Premios do Entroido 2025.

Poderán participar cantas persoas o desexen co requisito de facer previamente a inscrición nas oficinas a través da sede electrónica do Concello de Campo Lameiro, Praza de Pontevedra n ° 1 – 36110 Campo Lameiro, en horario de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas – telefono 986.75.20.34 – E- mail info@campolameiro.com

2. CATEGORÍAS

Se establecen as seguintes categorías de premios:

- **INFANTIL.** Poderán participar nenos/nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 16 anos. Nesta categoría haberá dúas modalidades: “Individual” e “Grupo”
- **ADULTOS.** Nesta categoría haberá dúas modalidades: “Individual” e “Grupo”
- **COMPARSAS.** Única categoría para grupos de máis de 10 persoas.
- **ESPECIAIS DE ANIMACIÓN.** Para aquela persoa ou grupo que destaque na animación no seu conxunto, incidindo na participación das persoas tanto activa como pasivamente.
- **PREMIO ESPECIAL DO XURADO.** Este premio valorará a posta en escena, as especiais dificultades técnicas, o traballo en conxunto, deseño de materiais utilizados, orixinalidade, posta en escena ...

3. ORGANIZACIÓN.

O desfile terá a saída ás 17:00 horas DO DÍA 15 DE MARZO DE 2025 dende a estrada VEIGAS SAN MIGUEL (Gasolineira) ata ESTRADA A CODESEDA (Colexio) con percorrido por as rúas (VEIGAS SAN MIGUEL, BERNARDO SAGASTA E CARRETERA A CODESEDA).-

A entrega de premios se efectuará na Praza do Concello de Campo Lameiro.

Os/as concursantes deberán levar en lugar ben visible o dorsal identificativo, que lles será entregado no momento da ESTAR INSCRITOS.

Non está permitido o uso de pirotecnia de ningún tipo.

Os/as concursantes serán responsables dos danos que poidan ocasionar A TERCEIROS OU A BENS PÚBLICOS con elementos ou artiluxios que utilicen no seu propio disfraz ou nos elementos anexos

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

do propio Grupo.

A concorrencia aos actos supón a plena aceptación das Bases aquí expostas.

A non observancia de algún dos puntos sinalados nas Bases dará lugar á inmediata descalificación do/da concursante, ou concursantes.

Conforme á lexislación vixente, os premios se verán afectados pola retención fiscal vixente, e que corresponda en función da súa natureza. Se practicarán á persoa ou persoas que realicen o cobro dos premios.

4. PROCEDEMENTO.

Para participar no desfile de carnaval deberá solicitar a inscrición nas oficinas do Concello de Campo Lameiro ou a través de la sede electrónica ou, mediante o formulario adxunto.

O prazo de **presentación de solicitudes para tódolos participantes** no desfile para optar ó premio, será dende o día **26 de FEBREIRO ata o 13 de MARZO**.

Todo aquel que ás 16:30h non esté no lugar de saída non poderá participar no desfile.

5. PREMIOS

INDIVIDUAL NENOS/AS

1º PREMIO: 40€
2º PREMIO: 30€
3º PREMIO: 20€
4º PREMIO: 15€
5º PREMIO: 10€

GRUPO NENOS/AS

1º PREMIO: 100€
2º PREMIO: 70€
3º PREMIO: 50€
4º PREMIO: 40€
5º PREMIO: 30€

INDIVIDUAL ADULTOS

1º PREMIO: 100€
2º PREMIO: 70€
3º PREMIO: 50€
4º PREMIO: 35€

GRUPO ADULTOS

1º PREMIO: 320€
2º PREMIO: 190€
3º PREMIO: 140€
4º PREMIO: 110€

PREMIOS ESPECIAIS DE ANIMACIÓN

3 PREMIOS DE 100€

PREMIO ESPECIAL XURADO:

1 PREMIO DE 200€





Concello de Campo Lameiro

COMPARSAS

1 PREMIO DE 375€

1 PREMIO DE 360€

1 PREMIO DE 350€

7 PREMIOS DE 325€

6. ENTREGA DE PREMIOS.

A organización nomeará ó xurado que outorgará o fallo aos distintos premios.

Os premios, se así o estimase o xurado, poderán declararse desertos.

O fallo do xurado será inapelable.

No momento da entrega de premios, o xurado requirirá os premiados a súa identificación.

No caso dos menores, deberase identificar o representante legal.

Os premios se aboarán a través de transferencia bancaria.

O día do desfile de entregará un xustificante do premio, que terá que ser remitido o Concello, para proceder o pago mediante transferencia bancaria, que deberá entregarse dentro dos 20 días seguintes (de non ser así entenderase coma renuncia do premio). O nome do premiado debera coincidir cos datos do titular da conta bancaria.

Para o pagamento dos premios deberá constar a seguinte documentación:

- DNI da persoa individual ou representante do grupo, con expresa mención de que actúa en representación.
- Para os menores, xunto co DNI do/a premiado/a, copia do DNI do seu pai, nai ou titor legal.
- Se fose o caso, certificado da conta bancaria.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos facilitados polas persoas serán obxecto de tratamento nun ficheiro, cuxa finalidade será a xestión de inscricións e a entrega de premios. Os datos NON serán obxecto de cesión.

O/A interesado/a poderá revocar o seu consentimento sen efectos retroactivos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro - concello de Campo Lameiro - [dirección](#) Praza de Pontevedra nº 1 - 36110 Campo Lameiro, Pontevedra.

O alcalde/ Carlos Costa Domínguez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84

